

**Limiar**

**A**quilino Iglesia Alvariño (Seivane, Abadín, 1909–Santiago de Compostela, 1961) forma parte do Parnaso galego como poeta con voz propia e como aquel que tivo a arte e a valentía de achegar os clásicos á nosa lingua. Dous grandes méritos que lle foron recoñecidos en vida, pois sempre mereceu a aplauso da crítica, e forman parte substancial da imaxe que se proxecta del na historia da literatura e cultura galegas. Este volume ten por obxecto achegar Aquilino Iglesia Alvariño desde outra perspectiva: a do filólogo que, tamén con obra propia, contribuíu aos debates sobre o galego literario e á progresiva definición dos trazos que caracterizan a norma culta deste idioma definida nas décadas centrais do século XX.

Na súa necrolóxica de Aquilino Iglesia Alvariño, Alonso Montero convida a, nunha semblanza máis completa, «estudiar al lexicógrafo, al traductor, al poeta en gallego, al poeta en castellano, al ensayista y al conferenciante»<sup>1</sup>. A súa obra poética foi obxecto xa de numerosos estudos, entre os que destacamos a atención especial que lle dispensa desde a propia tese de doutoramento Luciano Rodríguez, un dos principais referentes da crítica da poesía galega contemporánea<sup>2</sup>. Tamén a tradución dos clásicos lle valeu un amplo recoñecemento inmediato entre a intelectualidade da época, que a súa contribución sexa sempre salientada nas diversas semblanzas biobibliográficas e que as súas versións desen lugar a unha ampla bibliografía que segue medrando ata hoxe; todos recoñecen nelas non só a pericia e altura literaria das traducións, senón a súa achega á forxa do galego culto contemporáneo. Ambas e dúas liñas de actividade

---

<sup>1</sup> Alonso Montero, Jesús (1962): «Aquilino Iglesia Alvariño, traductor al gallego de textos latinos y griegos», *Estudios Clásicos*, 36, 582-583. (<http://www.estudiosclasicos.org/wp-content/uploads/EClas-036.pdf>).

<sup>2</sup> Rodríguez, Luciano (1991): *A. Iglesia Alvariño. Poesías*, Vigo, Xerais; idem (1994): *A poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, Lugo, Servicio de Publicaciones, Diputación Provincial de Lugo; idem (2009): *O po dos días. Introducción temática á poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, Vigo, Xerais.

poética —creación e tradución— valéronlle o nomeamento como figura homenaxeada no Día das Letras Galegas do ano 1986 e foron ben lembradas con ocasión do seu centenario, no ano 2009. Por contra, a contribución de Aquilino Iglesia Alvariño no campo da lingüística e da filoloxía, certamente, está pouco estudada e é pouco coñecida, sexa por desconsideración desta faceta fronte ao notable aprecio do poeta e tradutor sexa pola mala fortuna dos seus traballos, uns, a maioría, condenados en vida a permanecer inéditos, outros de escasa circulación. Estas circunstancias animan a confección e publicación deste volume: pretendemos reunir o corpus de Aquilino Iglesia Alvariño dedicado á norma culta do galego para ofrecelo aos estudosos da historia da lingua galega e, asemade, a modo de reparación, evitar a inxustiza dun previsible esquecemento. Un exercicio de memoria histórica necesario.

No verán de 2022 cumpríranse 60 anos da aparición dos primeiros volumes da *Historia de Galiza*, dirixida por Ramón Otero Pedrayo, concibida e publicada en América grazas ao mecenado de Manuel Puente (Salvaterra de Miño 1890–Buenos Aires 1970), que non chegou a vela completa. Tras moitos avatares, do proxecto nacido no ano 1947 viñeron a lume dúas partes impresas en Montevideo en 1962 e unha terceira en Buenos Aires once anos despois, 1973. En ningún dos volumes consta o capítulo dedicado á lingua, que fora encargado a Aquilino Iglesia Alvariño a principios da década dos 50 e que el entregou pouco despois.

O obxectivo primeiro do libro que hoxe publicamos foi dar a coñecer ese texto inédito, «A lingua gallega. Historia do seu vocabulario», en versión orixinal, como sería o desexo do autor e como corresponde ao seu valor histórico. Facémolo dese xeito, en edición autorizada polo seu primoxénito, Aquilino Iglesia Ferreirós, a quen moito agradecemos esta e outras contribucións inestimables para facer realidade este volume; del é tamén a «Nota editorial» que a precede, non asinada por desexo expreso. Reducimos o título a *Historia do vocabulario*, máis acaído ao seu contido e a esta nova vida autónoma, fóra da obra multidisciplinar para a que foi concibido como capítulo.

A edición da obra de Aquilino Iglesia Alvariño vai acompañada de tres estudos solicitados para contextualizala. Desde a perspectiva da historia contemporánea da Galicia global, Ramón Villares sitúanos nas coordenadas e vicisitudes do proxecto *Historia de Galiza*. Desde a perspectiva da historia da lingua e da

lingüística galegas, Henrique Monteagudo coloca a contribución de don Aquilino no marco das ideas e debates lingüísticos producidos na Galicia do seu tempo; e eu mesma, Rosario Álvarez, comento a súa contribución á *Historia de Galiza* e os motivos do desencontro. En *Apéndice* figuran algúns documentos necesarios para a exposición e interpretación, en parte inéditos ata o presente.

Pareceunos oportuno completar o volume coa sección *O sino do retorno: outros escritos sobre o idioma*, onde recollemos os traballos de Aquilino Iglesia Alvariño que versan sobre norma e ideas lingüísticas, e dun modo máis xeral sobre a situación do galego, uns inéditos e outros de escasa ou deficitaria difusión. Agradecemos nisto, unha vez máis, a xenerosidade da familia. Son pezas de desigual extensión, redactadas con diferente motivación e non sempre datables con precisión; dúas delas foron editadas en vida do autor e outra postumamente, mais as restantes son inéditas. Polas razóns anteditas, ofrecemos este corpus textual do ideario lingüístico aquilinario en versión orixinal.

O retrato da cuberta reproduce parcialmente un debuxo de Carlos Maside asinado en Compostela en 1955, propiedade da familia. Agradecemos ao seu fillo Jaime Iglesia Ferreirós a xentileza de autorizar a reprodución neste volume.

O Consello da Cultura Galega publica este libro no 60º aniversario do falecemento de Aquilino Iglesia Alvariño (29 de xullo de 1961). Sería razón dabondo dicir que se trata dun acto de xustiza histórica co autor e de respecto ao seu labor, con independencia de que o seu traballo servise ou non aos fins dunha obra en concreto, a *Historia de Galiza*, e aos intereses lexítimos dos seus promotores. Mais facémolo convencidos, tamén, de que dalo a coñecer é unha necesidade para que as investigadoras e os investigadores da historia da lingua e a cultura galegas contemporáneas teñan ao dispor importantes elementos con que construír un relato polifónico e veraz, máxime nun período en que Galicia estaba tan falta de voces autorizadas que se pronunciasesen nos eidos da lingüística e da filoloxía.

**Rosario Álvarez**

Presidenta do Consello da Cultura Galega